

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 3488/2020. Aprobación das bases do Programa F0223/2020

Por resolución do Presidente da Deputación núm. 3488, do 31 de xaneiro de 2020, aprobáronse as Bases reguladoras do programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña durante o ano 2020, que se transcriben deseguido:

PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVALS AUDIOVISUAIS, MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DA CORUÑA DURANTE O ANO 2020

Datos do programa

Denominación:	Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña durante o ano 2020
Referencia:	F0223/2020
Aplicación orzamentaria:	0612/3343/481- Importe 500.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe mínimo da subvención solicitada:	Mínimo 7.500 €
Importe da subvención que se ha conceder:	Máximo 60.000 €
Importe solicitado:	Ata o 70% do orzamento de gastos subvencionable
Coefficiente de financiamento:	Ata o 0,7000

Base 1.-Liñas xerais.

A Deputación da Coruña convoca esta liña de subvencións como parte da súa política de apoio ás manifestacións artísticas, mediante o cofinanciamento dos festivais audiovisuais, musicais e de artes escénicas.

Base 2.-Réxime xurídico.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica.

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña do 1 de febreiro de 2019; BOP 72, do 15 de abril de 2019.

Regulamento orgánico e Bases de execución do orzamento de 2020 da Deputación da Coruña.

Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña do 6 de novembro de 2015; BOP 56, do 23 de marzo de 2016.

Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017; BOP núm. 186, do 29 de setembro de 2017.

Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Base 3.-Obxecto.

Para os efectos deste programa, entenderanse por festivais aqueles eventos culturais con identificación e marca propia e recoñecible, programación diversa que aglutine diferentes propostas artísticas, organizado periodicamente, con data de celebración consolidada e orientada á consecución de públicos amplos ao redor dunha proposta de contidos coherente e definida.

A modo de exemplo, entendemos como festivais formatos como o Festival de Ortigueira ou a Festa da Carballeira de Zas (música), o FIOT de Carballo ou a Mostra de Teatro de Cariño (artes escénicas) ou os festivais Curtocircuito ou Chanfaina Lab (audiovisual).

Este programa diríxese a aqueles festivais audiovisuais, musicais e escénicos con programación de carácter profesional que se celebren na provincia da Coruña.

O festival ten que cumprir, como mínimo, para poder optar á subvención, os requisitos seguintes:

- No caso dos festivais audiovisuais, a programación contará cunha sección, como mínimo, para producións galegas en V.O.
- No caso dos festivais de música e/ou artes escénicas, a programación contará, cando menos, cun 30% do total das actuacións profesionais artísticas a cargo de bandas e/ou compañías galegas.
- No caso de festivais de artes escénicas, o 50% dos espectáculos que utilicen a expresión oral deberán ser en lingua galega.
- No caso de festivais musicais, o 25% das actuacións que utilicen a expresión oral deberán ser en lingua galega.
- Toda a sinalética, soportes de difusión e contidos divulgativos do festival (web, redes sociais, folletos, cartelería, publicacións...) deberán realizarse en lingua galega, sen que iso exclúa a posibilidade de incluíren tamén outras linguas.

O incumprimento dalgún destes requisitos levará parella a perda da subvención concedida.

Unicamente serán obxecto de axuda os gastos de carácter corrente, en ningún caso bens inventariables.

As entidades non poderán presentar máis dunha solicitude de subvención para un festival.

A realización do festival será de exclusiva responsabilidade das entidades, así como as obrigas fiscais e de seguridade social que delas se deriven.

Aqueles festivais que soliciten unha subvención inferior a 7.500 €, deberán facelo dentro do programa FO203. O mesmo ocorre cos festivais con programación de carácter non profesional (festivais de teatro escolar, festivais de teatro amador, festivais de música non profesional, etc.).

Os festivais, mostras e encontros de música coral, bandas de música popular e bandas de música e baile tradicional galego contan coa súa propia liña de subvencións, o programa FO213.

3.1.-Gastos subvencionables neste programa: subvencionaranse unicamente os seguintes conceptos:

A) Desenvolvemento de actividades, que inclúe:

- Os materiais funxibles precisos para a realización da actividade.
- Os arrendamento e canons tanto de recintos como de equipos necesarios para a realización do festival, excluído o arrendamento do local social da entidade.
- As contratacións externas de servizos
- O transporte necesario para a realización das actividades, en medios de transporte regular.
- Os gastos de seguros necesarios no momento do festival e unicamente para o período do mesmo
- A difusión das actividades (cartelería, materiais de imprenta, publicidade en medios, etc.)
- Edición e publicación de libros, catálogos e outros soportes
- Os materiais funxibles precisos para a realización da actividade

B) Soldos e salarios e Seguridade Social do persoal contratado pola entidade para a realización das actividades.

Conta	Descrición da conta, segundo o PXCPENL (*)
600	Compras de bens destinados á actividade (material non inventariable)
621	Arrendamentos e canons
623	Servizos de profesionais independentes (Contratacións externas)
624	Transportes
625	Primas seguros (únicamente o importe do seguro correspondente ao período de realización do festival)
627	Publicidade e propaganda
640	Soldos e salarios
642	Seguridade social a cargo da entidade
654	Desprazamentos

* Resolución do 26/03/2013, do Plan de contabilidade de pequenas e medianas entidades sen fins lucrativos.

Base 4.-Compatibilidades e exclusións.

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As entidades que opten por este programa poderán tamén obter subvención nos seguintes programas:

- FO200: Programa de subvencións a fundacións e a entidades sen fins de lucro da provincia da Coruña titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas, para o desenvolvemento de actividades culturais durante o ano 2020.
- FO203: Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar actividades culturais durante o ano 2020.
- FO204: Programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar investimentos culturais durante o ano 2020.

Entidades excluídas:

- As entidades titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas e as fundacións da provincia da Coruña (que teñen o programa específico FO200); as corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña (que teñen o programa específico FO213).
- Persoas ou entidades que foran sancionadas ou condenadas por resolución administrativa ou sentenza firme pola comisión de condutas discriminatorias nos termos dispostos na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes, na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, así como no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aprobou o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Persoas ou entidades que utilicen na súa actividade linguaxe sexista ou empreguen a imaxe da muller como reclamo ou connotacións de tipo sexual ou denigrante segundo o disposto no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro

Actividades ou gastos excluídos:

- Os festivais, mostras e encontros de música coral, bandas de música popular e bandas de música e baile tradicional galego.
- As actuacións de agrupacións artísticas incluídas na Rede Cultural da Deputación.
- Os gastos de carácter xeral da entidade (persoal e gastos correntes), salvo naqueles casos nos que se xustifique, mediante declaración do/a representante legal, que os ditos gastos se derivan unicamente da execución da actividade, en cuxo caso terán a consideración de gastos directos; nestes casos, estes gastos deberán especificarse motivadamente no orzamento.
- Os gastos de desprazamento, manutención e aloxamento, salvo que estean vinculados directamente á realización do festival. Estes gastos deberán especificarse motivadamente no orzamento.
- Os gastos financeiros.
- As actividades deportivas e de tempo libre, de promoción económica, de servizos sociais e de turismo.

Base 5.-Entidades solicitantes.

Poderán acceder a estas axudas as entidades sen fin de lucro domiciliadas en Galicia que sexan as organizadoras do evento para o que se solicita subvención e que este se desenvolva dentro do territorio da provincia da Coruña. No caso

das Fundacións, quedan excluídas as Fundacións con sede na provincia da Coruña que teñan a consideración de medios propios e instrumentais da administración autonómica ou estatal.

Base 6.–Requisitos e obrigas das entidades.

6.1.–Tendo en conta que a tramitación será telemática:

A entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións.

Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Deberán dispoñer de certificado dixital:

- Quen ocupe a presidencia da entidade ou quen teña delegadas as súas funcións.
- Quen ocupe a secretaría da entidade.
- Quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería.

6.2.–Estaren ao corrente das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

6.3.–Non estaren incursas nas causas de incompatibilidade ou de incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren as subvencións da administración pública dispostas no art. 13 da LXS.

6.4.–Faceren constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática, de redes sociais ou audiovisual) que fixeran das actividades ou investimentos subvencionados, tamén na súa páxina web.

Calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas ou calquera información ou materiais de promoción (coma folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico) deberán incluír a marca da Deputación integrada polo símbolo e logotipo que o acompaña en lugar que destaque adecuadamente.

6.5.–Someterse, na súa condición de quen subscribe a conta, aos procedementos de control que poidan realizar o Consello de Contas de Galicia, o Tribunal de Contas ou calquera outro órgano de control interno ou externo, nacional ou europeo. Como resultado dos ditos procedementos poderáselles esixir responsabilidade administrativa, consonte co disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións, e, no seu caso, responsabilidade penal, de conformidade co Código penal.

6.6.–Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

6.7.–Utilizaren, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiros/as que poidan acreditar mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo, etc.) no que quede identificada a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento. Só excepcionalmente poderá utilizarse o pagamento en metálico cando non sexa posible outra forma alternativa (peaxe de autoestrada, tócket de aparcadoiro etc.).

O incumprimento desta disposición, para algún gasto, implicará que este gasto se considere “non subvencionable”, de conformidade cos art. 72.2, 75.2 e 89 do RDLXS e en relación cos art. 31.2 e 37 da LXS, sempre que o dito gasto supere o importe de 150,00 €.

6.8.–No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, de conformidade co disposto no artigo 13.5 da Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código civil e da Lei de axuízamento civil.

6.9.–A entidade beneficiaria da subvención provincial deberá pagar os seus gastos xustificativos antes de que transcorra un mes contado a partir da percepción da subvención. No caso contrario, o dito gasto considerarase como non válido para efectos de xustificación da subvención.

6.10.–Tratándose de asociacións constituídas ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, reguladora do dereito á asociación, deberán contar cun mínimo de 25 membros

6.11.–Cumprir os requisitos e as obrigas sinaladas no artigo 5 e 6 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Ademais dos requisitos e obrigas de carácter xeral indicadas, as entidades solicitantes de subvención neste programa terán as seguintes:

6.12.–A sinaléctica, soportes de difusión e contidos divulgativos da entidade e do seu espazo ou sede (web, redes sociais, folletos, cartelería, publicacións...) deben estar en lingua galega, sen que isto exclúa a posibilidade de que tamén estea noutras.

6.13.–Na difusión en redes sociais das actividades vinculadas aos festivais subvencionados por esta convocatoria, as entidades deberán vincular ou citar nos contidos de difusión os perfís da área de Cultura da Deputación da Coruña: en twitter @DACCCultura e en facebook o perfil facebook.com/Culturadac.

6.14.–As publicacións, materiais e actividades dos festivais que reciban o apoio desta liña de subvencións deberán ter como lingua vehicular a galega, sen que isto exclúa a posibilidade de que tamén se empreguen outras.

6.15.–Para participar neste programa, a partir do ano 2021 será condición indispensable que a entidade teña o nome ou marca do festival rexistrada como propia. Para favorecer este proceso, na convocatoria do 2020 non será un requisito e darase todo o ano vindeiro para proceder ao rexistro.

Base 7.–Solicitudude.

7.1. Prazo e presentación de solicitudes.–As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTeL)

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros

Os prazos de presentación de solicitudes determinarase no anuncio de publicación da convocatoria deste programa no BOP da Coruña, a través do Sistema Nacional de Publicación de Subvencións.

7.2. Documentación das solicitudes.–A documentación da solicitude de subvención deberá vir asinada do seguinte xeito:

No caso das certificacións, pola secretaría co visto e prace da presidencia ou persoa na que delegue.

No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola presidencia ou persoa que represente a entidade

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

7.2.1.–Certificación do acordo de solicitude e do nomeamento da persoa representante para a relación coa Deputación

7.2.2.–Acreditación da delegación da Presidencia ou persoa en quen delegue na que se especifique o alcance desta delegación.

7.2.3.–Declaración de estar legalmente constituída antes de presentar a solicitude, de dispor de estatutos debidamente inscritos no rexistro público correspondente e adaptados á lexislación vixente.

7.2.4.–Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar o pagamento.

7.2.5.–Declaración de non estaren incursas a persoa representante e a entidade nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para seren beneficiarias ou percibiren subvencións das administracións públicas, segundo o disposto na lexislación de carácter xeral.

7.2.6.–Solicitudude de autorización, se procede, en caso de que a persoa solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade (segundo o disposto no artigo 29.7, d, da Lei Xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta Lei aprobado por RD 887/20016, do 21 de xullo).

7.2.7.–No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado.

Ademais da documentación de carácter xeral indicada, as entidades solicitantes neste programa terán que achegar a seguinte:

7.2.8.–Ficha do proxecto.

7.2.9.–Memoria da edición do festival inmediatamente anterior á edición que se presenta á subvención, que conterà todos os aspectos que se valorarán segundo o establecido na base 8. Esta memoria achegarase cunha declaración responsable sobre a veracidade da información, que a Deputación da Coruña poderá comprobar en calquera momento.

7.2.10.–Memoria completa e detallada do proxecto para o cal se solicita a subvención, na que se indicará o cumprimento dos requisitos da base 3 e todos os aspectos que se valorarán segundo o establecido na base 8.

7.2.11.–Orzamento completo e detallado do gasto subvencionable, no cal figuren todos os gastos subvencionables e a previsión de ingresos. A memoria incluírá o orzamento desagregado, con e sen IVE.

7.2.13.–Importe da subvención solicitada, que poderá acadar o 70% do orzamento de gastos.

7.2.14.–Declaración doutras subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo obxecto.

7.2.15.–Declaración das fontes de financiamento do proxecto (achega da entidade solicitante, outros recursos externos para o autofinanciamento).

7.2.16.–Dossier de prensa da edición dos dous últimos festivais inmediatamente anteriores á edición que se presenta á subvención.

7.2.17.–No caso de que se solicite a autorización para concertar a execución total ou parcial das actividades con persoas xurídicas vinculadas, deberán cumprirse os requisitos establecidos no artigo 29.7.d da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e art. 68 do Regulamento, RD 887/06, do 21 de xullo).

Tamén deberán indicar a epígrafe na que está inscrita no IAE e achegar a documentación de constitución da entidade para comprobar o seu obxecto social.

As memorias coa información das solicitudes deberán contemplar toda a información á que se fai referencia na base 8.1 desta convocatoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se terán en conta para a baremación aqueles aspectos non acreditados ou informados debidamente por parte da entidade solicitante.

Poderase requirir ás entidades solicitantes para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

Base 8.–Resolución.

8.1. Valoración das solicitudes.–A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase despois da consideración dos proxectos, de acordo cos baremos establecidos nesta convocatoria.

A. FESTIVAIS AUDIOVISUAIS

A1. Valoración da edición anterior: ata 40 puntos.

Presenza de obras cinematográficas de fóra de Galicia na edición anterior: ata 5 puntos.

- Relación de filmes ou pezas audiovisuais de fóra de Galiza exhibidas no festival. Indíquese o título, director/a e país de cada unha delas. Concederase 0,5 puntos por cada obra estatal ou europea e 1 punto por cada obra doutros continentes.

Actividades complementarias: ata 10 puntos.

- Relación de actividades formativas, educativas e complementarias (encontros profesionais, conferencias...) desenvolvidas na edición anterior. 1 punto por cada unha.

Esfuerzo de difusión e impacto social do festival na edición anterior: ata 10 puntos.

- Dossier de prensa da edición anterior. Debe presentarse PDF coa relación de recortes de prensa e ligazóns a medios dixitais: ata 2 puntos
- Enlace ou identificación da páxina web específica do festival e dos perfís de redes sociais igualmente específicos do festival na edición anterior: ata 4 puntos:
 - 1 punto por contar con páxina web propia, 2 puntos caso de esta páxina web ter dominio.gal
 - 1 punto por cada perfil en redes sociais, ata 2 puntos.
- Publicación de catálogo físico na edición anterior. Enténdese por catálogo unha publicación que achegue información completa das actividades e oferta cultural do festival, formas de acceso, actividades complementarias, etc. A efectos de comprobación presentarse PDF da publicación ou enlace dixital a esta: ata 2 puntos.
- Relación de enlaces aos contidos divulgativos do festival realizados en formato audiovisual na edición anterior: ata 2 puntos.

Orzamento do ano anterior e esforzo de autofinanciamento: ata 5 puntos.

- Importe acadado a través da venda de entradas ao público: ata 3 puntos; valorarase a existencia de sistema de venda de entradas.

- Importe acadado a través da venda de material propio (camisolas, cartaces, merchandising..): ata 2 puntos. Indicarase relación da tipoloxía de materiais realizados.

Teranse en conta unicamente as vinculadas a espectáculos artísticos (proxección de filmes, concertos, espectáculos escénicos), excluíndose aquelas vinculadas a festas, celebracións gastronómicas ou outros eventos de carácter non especificamente cultural.

Impacto sociolaboral do festival da edición anterior: ata 10 puntos.

- O festival contratou equipa/persoal de produción, 3 puntos.
- O festival contratou equipa/persoal de prensa e comunicación, 3 puntos.
- O festival contratou outros servizos externos, a maiores dos anteriores, para o seu desenvolvemento, 4 puntos.

Nos tres casos indicarase nome da(s) empresa(s) ou persoa(s) contratadas a este efecto

A2. Valoración da edición para a que se solicita axuda: ata 30 puntos.

Apoio ao sector audiovisual galego: ata 10 puntos.

Relación de producións con V.O. en galego: mínimo de tres: 4 puntos. 1 punto por cada unha a maiores. Indicarase nome da peza audiovisual e do director/a.

Apoio á creación e produción: ata 5 puntos.

Relación dos libros e/ou filmes de carácter cultural (non materiais publicitarios) a editar polo festival en formato dixital ou físico. 1 punto por título.

Indicarase nome e autor/a.

Programas de cooperación con outros eventos a nivel estatal e internacional: ata 5 puntos.

Relación dos eventos e entidades de fóra de Galiza cos que o festival colabora na súa edición de 2020: 1 punto por cada evento ou entidade colaboradora.

Viabilidade económica do proxecto: ata 10 puntos; valorarase a porcentaxe de subvención solicitada con respecto ao orzamento global (con IVE) do proxecto.

A3. Valoración da calidade e interese do festival e da proposta para 2020: ata 30 puntos.

Valoraranse, no informe técnico correspondente, os seguintes aspectos:

Valoración da traxectoria e perfil do festival: ata 10 puntos asignados tendo en conta: a temática, a especialización e diferenciación con respecto a outros certames, a incidencia dentro do panorama audiovisual galego e estatal e o número de obras en primeira presentación oficial con respecto a Galicia e a España.

Calidade da programación proposta para 2020: ata 15 puntos asignados segundo o interese do proxecto en relación coa temática e coa especialización e diferenciación con outros certames audiovisuais do panorama galego e estatal.

Plan de comunicación do evento en 2020: ata 5 puntos; valoraranse a estratexia, a amplitude de medios ao que vai dirixido e o período de tempo dedicado á execución do plan.

Quedarán excluídos das subvencións aqueles festivais que non acaden un mínimo de 25 puntos no conxunto dos tres apartados de valoración, dos que, polo menos, 10 puntos corresponderán ao apartado A.3.

No caso de, por motivos orzamentarios e en función do número de solicitudes, a área de Cultura verse na obriga de fixar unha asignación con tope máximo por puntos, esta fórmula aplicarase exclusivamente aos festivais do nivel B. Para este efecto, entenderase que un festival é de nivel A cando nos tres últimos anos a subvención recibida nesta convocatoria fose superior a 25.000 €, e de nivel B caso de ser inferior a esta cantidade. Esta decisión responde á vontade desta área de reforzar progresivamente a calidade e estabilidade dos eventos de referencia no territorio.

B. FESTIVAIS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

B1. Valoración da edición anterior: ata 40 puntos.

Orzamento do festival na edición anterior: ata 5 puntos.

Indicarase o orzamento co que contou o festival valorarase de acordo co seguinte:

- Ata 30.000 €: 2 puntos.
- Entre 30.000 e 50.000 €: 3 puntos.
- Máis de 50.000 €: 5 puntos.

Actividades complementarias na edición anterior: ata 10 puntos.

Relación de actividades formativas, educativas e profesionais (encontros profesionais, conferencias...) da edición anterior: 1 punto por cada actividade.

Explicarase sintéticamente a natureza, datas, lugares e contidos de celebración de cada unha delas.

Esfuerzo de difusión e impacto social do festival na edición anterior: ata 10 puntos.

- Dossier de prensa da edición anterior. Debe presentarse PDF coa relación de recortes de prensa e ligazóns a medios dixitais: ata 2 puntos
- Enlace ou identificación da páxina web específica do festival e dos perfís de redes sociais igualmente específicos do festival na edición anterior: ata 4 puntos:
 - 1 punto por contar con páxina web propia, 2 puntos caso de esta páxina web ter dominio.gal
 - 1 punto por cada perfil en redes sociais, ata 2 puntos.
- Publicación de catálogo físico na edición anterior. Enténdese por catálogo unha publicación que achegue información completa das actividades e oferta cultural do festival, formas de acceso, actividades complementarias, etc. A efectos de comprobación presentárase PDF da publicación ou enlace dixital a esta: ata 2 puntos.
- Relación de enlaces aos contidos divulgativos audiovisuais producidos polo festival (spot ou video promocional, video resumo para as redes, etc.) na edición anterior: ata 2 puntos.

Esfuerzo de autofinanciamento na edición do ano anterior: ata 5 puntos.

- Importe acadado a través da venda de entradas ao público: ata 3 puntos; teranse en conta unicamente as vinculadas a espectáculos artísticos (proxección de filmes, concertos, espectáculos escénicos), excluíndose aquelas vinculadas a festas, celebracións gastronómicas ou outros eventos de carácter non especificamente cultural. valorarase.

Só se valorará naqueles casos en que o festival inclúa este concepto na xustificación da subvención do ano anterior.

- Importe acadado a través da venda de material propio (camisolas, cartaces, merchandising...): ata 2 puntos. Indicarase relación da tipoloxía de materiais realizados. Só se valorará naqueles casos en que o festival inclúa este concepto na xustificación da subvención do ano anterior.

Impacto sociolaboral do festival da edición anterior: ata 10 puntos.

- O festival contratou equipa/persoal de produción, 3 puntos.
- O festival contratou equipa/persoal de prensa e comunicación, 3 puntos
- O festival contratou outros servizos externos, a maiores dos anteriores, para o seu desenvolvemento, 4 puntos.

Nos tres casos indicarase nome da(s) empresa(s) ou persoa(s) contratadas a este efecto.

B2. Valoración da edición para a que se solicita axuda: ata 30 puntos.

Cooperación e impacto territorial e sociocultural: ata 10 puntos.

- O festival colabora nalgunha das súas seccións con entidades sen fins de lucro de carácter social (cooperación internacional, asistencial, educativo, medioambiental, de promoción da lingua galega, en favor da igualdade de xénero, etc.). Indicarase relación completa de cales e o obxecto da colaboración. 1 punto por entidade, ata un total de 10 puntos.

Apoio á creación e produción de novos contidos: ata 5 puntos.

- O festival publica libros, discos ou produce contidos escénicos ou audiovisuais de carácter creativo (non publicitario). Indicarase a relación completa de cales. 2 puntos por título.

Viabilidade económica do proxecto: ata 15 puntos; valorarase a porcentaxe de subvención solicitada con respecto ao orzamento global (con IVE) do proxecto.

B3. Valoración da calidade e interese do festival e da proposta para 2020: ata 30 puntos.

Valorarase, no informe técnico correspondente, os seguintes aspectos:

Calidade da programación proposta para 2020: ata 15 puntos asignados segundo o interese do proxecto en relación coa temática e coa especialización e diferenciación con outros festivais do panorama galego e estatal.

Compromiso sociocomunitario do festival: ata 10 puntos; valorarase a existencia de plan de sostibilidade medioambiental, de accións e medidas en favor da igualdade de xénero, equipos organizativas paritarias, compromiso coa normalización social da lingua galega...

Plan de comunicación do evento en 2020: ata 5 puntos; valoraranse a estratexia, a amplitude de medios ao que vai dirixido e o período de tempo dedicado á execución do plan.

Quedarán excluídos das subvencións aqueles festivais que non acaden un mínimo de 25 puntos no conxunto dos tres apartados de valoración, dos que, polo menos, 10 puntos corresponderán ao apartado B.3.

No caso de, por motivos orzamentarios e en función do número de solicitudes, a área de Cultura verse na obriga de fixar unha asignación con tope máximo por puntos, esta fórmula aplicarase exclusivamente aos festivais do nivel B. Para este efecto, entenderase que un festival é de nivel A cando nos tres últimos anos a subvención recibida nesta convocatoria fose superior a 25.000 €. e de nivel B caso de ser inferior a esta cantidade. Esta decisión responde á vontade desta área de reforzar progresivamente a calidade e estabilidade dos eventos de referencia no territorio.

8.2.-Concesión.—A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrencia competitiva e será aprobada por resolución da presidencia.

Para a revisión das solicitudes, o baremo e puntuación destas crearase unha comisión técnica, que estará composta por tres persoas expertas e de recoñecida traxectoria no ámbito cultural obxecto de esta convocatoria, que non teñan relación con ningún dos solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

A unidade que tramita o expediente, á vista da documentación que consta neste, formulará un informe proposta de resolución de concesión provisional, debidamente motivado, que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que propón a concesión da subvención e a súa contía, así como as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite. Este informe proposta será fiscalizado.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión provisional, que deberá notificárselles a interesadas/os na forma prevista na convocatoria. Concederáselles un prazo de 10 días hábiles para presentaren, se é o caso, a desistencia da solicitude, a reformulación ou as alegacións que consideren oportunas.

No caso de non formular desistencia expresa, a subvención considerárase aceptada tacitamente.

Poderase prescindir do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos nin outras alegacións e probas distintas ás aducidas polos interesados. Neste caso, a resolución de concesión provisional adoptada terá o carácter de definitiva.

No caso de que existisen alegacións por parte das/os interesadas/os, deberanse resolver expresamente na resolución de concesión definitiva das subvencións.

A resolución de concesión provisional non crea dereito ningún a favor do beneficiario proposto fronte á Deputación mentres non se notifique a resolución definitiva de concesión.

8.3.-Reformulación de solicitudes.—Cando o importe da subvención concedida sexa inferior ao importe solicitado, entenderase automaticamente reformulada a solicitude de subvención.

8.4.-Cambios de obxecto.—Neste programa de subvencións non se admitirán cambios de obxecto.

Base 9.-Xustificación e pagamento.

9.1.-Prazo de xustificación.—A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de marzo de 2021, ás 14.00 horas.

9.2.-Consideracións xerais.—As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos; serán gastos subvencionables os que resulten imputables contablemente a algún dos conceptos fixados no orzamento tomado en consideración no acto da concesión da subvención.

9.2.1.—A cantidade para xustificar será o importe da subvención concedida dividido entre o coeficiente de financiamento fixado na resolución de concesión.

No caso de ter outras subvencións, ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto que, en concorrencia coa subvención da Deputación da Coruña, teñan un importe superior á cantidade resultante do cálculo anterior, o orzamento subvencionado para xustificar será a suma das subvencións e ingresos.

9.2.2.—O importe das subvencións concedidas, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade ou investimento desenvolvido pola entidade beneficiaria.

9.2.3.—Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

9.3.–Documentación xustificativa.–A documentación xustificativa deberá vir asinada do seguinte xeito:

- No caso das certificacións, pola secretaría co visto e prace da presidencia ou persoa na que delegue.
- No caso das declaracións, compromisos e outra documentación, pola presidencia ou persoa que represente a entidade
- Nos caso das certificacións de gastos e ingresos, quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

9.3.1.–Memoria das actividades realizadas na anualidade, que conterá como mínimo os seguintes aspectos: actividades desenvolvidas, temporalización, ámbito territorial, cuantificación e perfil dos participantes, resultados obtidos...

9.3.2.–No suposto de que a subvención se xustifique con gastos de persoal, indicárase, para cada traballador/a e mes, o importe bruto da nómina e o importe da seguridade social con cargo á entidade.

Neste caso, a entidade deberá achegar a correspondente autorización individual asinada por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

9.3.3.–Certificación na que a entidade acredite que ten as autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

9.3.4.–Relación detallada de todos os ingresos concedidos por outras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto. Este documento deberá asinalo conxuntamente a persoa que exerza as funcións de tesourería e a persoa que exerza a representación legal da entidade respectiva.

9.3.5.–Unha declaración do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

9.3.6.–Declaración de non ter pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada da Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación dos xustificantes.

9.3.7.–A entidade indicará se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.

9.3.8.–Acreditación da inclusión do logotipo da Deputación e uso da lingua galega nos soportes de difusión das actividades subvencionadas e da obriga de incluír en lugar visible e na súa páxina web a imaxe corporativa da Deputación da Coruña.

9.4.–Tramitación da xustificación.–Para os efectos de xustificar os gastos e coa finalidade de exceptuar o art. 31.2 da Lei xeral de subvencións, entenderase que o gasto está realizado coa achega da documentación sinalada na base anterior.

Á vista da documentación xustificativa presentada e logo dos informes previos da unidade xestora despois da súa fiscalización, o órgano competente valorará o cumprimento das actividades subvencionadas e, se a documentación é correcta, procederase ao pagamento da subvención.

Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da subvención terase en conta o seguinte:

- * No caso de que se xustifique gasto polo 100% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a totalidade da subvención.
- * No caso de que se xustifique gasto inferior ao 100% e, mais do 50% do orzamento subvencionado para xustificar, aboarase a parte proporcional da subvención.
- * No caso de que se xustifique gasto inferior ao 50% do orzamento subvencionado para xustificar, non se considerará cumprida a finalidade básica da subvención, polo que non se aboará cantidade ningunha.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda; pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedido, ditándose resolución de perda do dereito ao cobro.

A Deputación da Coruña poderá requirir da entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

9.5.–Prazo de pagamento.–O pagamento terá que realizarse no prazo máximo de dous meses desde que a entidade local beneficiaria presentara completamente a documentación xustificativa. No caso de que non se cumpla este prazo, a Deputación aboará de oficio os xuros de mora que correspondan.

Base 10.-Incumprimentos e sancións.

O procedemento sancionador está regulado no Capítulo VI da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña.

Base 11.-Publicidade das subvencións concedidas.

A Deputación Provincial da Coruña publicará as subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvenciones.

A Deputación contará co Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios a que se refire a disposición adicional sexta da Lei de subvencións de Galicia e facilitará á comunidade autónoma a información a que se refire o apartado 3 do artigo 16 da devandita norma.

Base 12.-Protección de datos persoais.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>)

Disposición adicional primeira

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

Disposición adicional segunda

A participación na convocatoria supón a aceptación destas bases reguladoras.

A Coruña, 31 de xaneiro de 2020.

O presidente,

Valentín González Formoso

O secretario,

José Luis Almau Supervía

2020/761